



FÉRVEDA-ESCUADRO

Adela Leiro, Mon Daporta

Distancia: 1 km (ida e volta) desde Férveda

Dificultade: media

Duración: 1 hora



No río Escudro, afluente do Toxa, que á súa vez vai ao Deza (Ulla), na localidade de Férveda da parroquia de Escudro (concello de Silleda). Na parte alta o río chámase río da Férveda e discorre por un estreito val en rochas graníticas que forma numerosos rápidos e varias fervezas. A máis interesante salta un desnivel de 10 m. A zona conserva un bo bosque de ribeira e carballeiras.

COMO CHEGAR:

Desde Silleda cóllese a estrada a a Escudro e séguese en dirección a Outeiro e Férveda.. Despois de pasar as últimas casas hai un cruce de varios camiños que remontan o río e séguese polo de arriba aproximadamente 300 m. Para baixar ao río hai que seguir, pola esquerda, unha levada que baixa desde os prados. O percorrido ata a ferveza é moi dificultoso pola pendente abrupta.

